



PRESENTACIÓN INFORME “A INVESTIGACIÓN EDUCATIVA EN GALICIA 2002-2014”

Doce anos despois volvemos ao MUPEGA para presentar un novo Informe sobre a Investigación Educativa en Galicia 2002-2014; no 2004 fixémoslo sobre a etapa 1989-2001. A pretensión primeira e última deste volume é dar conta, informativamente falando, da investigación educativa desenvolvida en Galicia na ducia de anos que abarca o seu percorrido. Non se trata, *sensu stricto*, dunha avaliación da investigación educativa, planificada e regrada segundo parámetros comparativos ou criterialmente asociados a niveis de produtividade afastados de contextos e circunstancias. Pero si que se trata de mostrar datos, referencias e focos de interese investigador que, alén das lexítimas valoracións sobre o que se presenta, favorezan a reflexión ao redor das consistencias identificables, pero tamén ao redor dos defectos que poidan precisar alento ou meditado remedio.

En Galicia faise investigación educativa e hai innovación, ás veces menos visible, e fai falta destacalas e poñelas en valor aquí e fóra de aquí. Esquecemos a miúdo que un indicador de calidade, presente nos estudos sobre a materia, e atrévome a dicir que nos tan deostados como esculcados ránking entre sistemas educativos, ten que ver coa mobilidade de estudantes e profesores, a existencia de carreira profesional, e mesmo o apoio a iniciativas e experiencias de innovación educativa, mesturando eixos de acción tanto na escola como na comunidade, a través do uso da tecnoloxía, ou mobilizando recursos culturais nunha perspectiva de aprendizaxe e desenvolvemento local pero tamén global.

Ao mesmo tempo, permítasenos dicir, coa convicción que arrastramos diante e detrás de moitos anos de implicación, e tamén de comparación entre as máis diversas latitudes do planeta, que a investigación educativa (reitero, dentro e fóra da universidade) fai avanzar ás sociedades porque pon a disposición da esfera pública consistencias avaladas por deseños de traballo rigorosamente científico, que son claves para descubrir os efectos prácticos dun método de lectura, dunha estratexia de organización da aprendizaxe, dunha tecnoloxía de vangarda nas dinámicas curriculares, dunha sistemática atención temperá na infancia, do coidado, en definitiva, de patróns pedagóxico-didácticos que axudan aos mestres, e a todos os que senten profesionais da educación, a facer o seu traballo o mellor posible.

Porque do que se trata non é de soñar con fórmulas acabadas, receitas chamánicas e mistificadoras, senón de explorar a partir de procesos, para ver se producen resultados, nunha dinámica de avaliación responsable, ao servizo da permanente mellora da educación, e da cidadanía, sinónimo, desde logo, da permanente mellora dun país, no noso caso, de Galicia.

Miguel A. Santos Rego
 Coordinador do Informe
 Rede RIES
 Grupo de Investigación ESCULCA
 Universidade de Santiago de Compostela



Presentación do Informe no MUPEGA. De esquerda a dereita, Víctor Freixanes (Editorial Galaxia), Román Rodríguez (Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia), e Miguel A. Santos (Coordinador do Informe).

SUMARIO

PÁXINA 1

Editorial

PÁXINA 2

Experiencia
 Investigadora

PÁXINA 5

Experiencia Educativa

PÁXINA 7

Accións da Rede RIES

PÁXINA 12

Próximas accións da
 Rede RIES

PÁXINA 14

Próximos Congresos

PÁXINA 16

Novidades Editoriais

PÁXINA 18

Novidades Legislativas



ISSN 2445-3781

EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Incidencia das metas académicas do alumnado de secundaria na súa xestión motivacional

INTRODUCCIÓN

Cando un estudante empeza a facer os deberes para o día seguinte, uns amigos propóñenlle ir ao cine; a súa intención inicial seguramente é ser reticente e o estudante ten agora que xestionar a súa motivación para facer eses deberes. Este tipo de “traballo cognitivo” que constantemente abordan os estudantes é o que se estuda baixo o tópico de xestión ou regulación da vontade (Corno, 1993; Wolters, 2003). Cabe esperar que, dados os múltiples distractores cos que conviven os estudantes, a habilidade para regular a propia motivación e soste-la a súa vontade estea fortemente vinculada co éxito académico (Corno 2001; Bembenutty e Karabenick, 2004).

O obxectivo deste estudo é pescudar que orientación a metas é máis característica dos estudantes que utilizan estratexias volitivas como a *demora da gratificación* ou a *activación de crenzas de autoeficacia* para o sostemento do compromiso co estudo. Concretamente, trátase de comprobar se existe unha asociación positiva entre a orientación ao dominio e a vertente de aproximación das metas de rendemento coa utilización de estratexias volitivas como a *demora da gratificación* ou a *activación de crenzas de autoeficacia*.

Demora da gratificación e orientación a metas

Podemos referir a *demora da gratificación* como unha estratexia baseada no adiamento de oportunidades de dispoñibilidade inmediata para satisfacer os impulsos a favor de perseguir recompensas académicas importantes ou as metas elixidas, que son temporalmente remotas, pero moito máis valiosas para o individuo (Bembenutty e Karabenick, 1998). A posta en marcha desta estratexia podería derivarse dunha orientación a metas de aprendizaxe onde se sostén un forte

vínculo entre esforzo e resultado (Gaeta, Teruel, e Orejudo, 2012).

Activación de crenzas de autoeficacia e orientación a metas

Bandura (1997) refire o proceso polo que os individuos avalían as súas propias experiencias mediante a autorreflexión e desenvolven xuízos ou crenzas persoais sobre as súas capacidades e logros previos que exercerán unha forte influencia nas actuacións futuras.

Montalvo e Torres (2004) dilucidaron que existía unha relación positiva entre alumnos que adoptan metas de aprendizaxe (alumnos que traballan por interese na materia) ou metas de aproximación ao rendemento (alumnos orientados a demostrar competencia) e a *activación de crenzas de autoeficacia* por parte dos mesmos para soste-la o seu compromiso coa actividade.

METODOLOXÍA

Participantes

Os participantes neste estudo son estudantes de 2º curso de Educación Secundaria Obrigatoria dun IES público situado na localidade de Arteixo, A Coruña, cidade noroccidental en España. O total de participantes no estudo é de 152, dos cales o 53.9% son mulleres e o 46.1% son homes. A media de idade é de 13.82 (DT=0,84) anos, comprendendo desde os 13 aos 16 anos.

Instrumentos

Para coñecer cales son os principais motivos polos que os estudantes se esforzan no seu traballo académico empregouse o Cuestionario para a Avaliación de Metas Académicas en Secundaria (CEMA II) (Núñez, González-Pienda, González-Pumariega, García, e Rocés, 1997). Este cuestionario, composto por un total de 42 ítems, utiliza unha escala tipo Likert de 1 a 5. Así, este instrumento permitiu

diferenciar o seguintes catro tipos de metas que, á súa vez, conteñen oito conxuntos de razóns: a) metas orientadas á aprendizaxe (implicación no estudo para a adquisición de competencia e control; implicación polo interese nas materias); b) metas orientadas ao eu (evitación do traballo derivada dunha defensa do eu); c) metas orientadas á valoración social (implicación derivada da adquisición de valoración social); d) metas de logro ou recompensa (implicación no estudo polo desexo de obter un traballo futuro digno; implicación para evitar castigos).

Para a avaliación das estratexias motivacionais utilizouse o Cuestionario de Xestión Motivacional (CGM) de Cabanach, Val, Gerpe, Rodríguez, Piñeiro, e Rosário (2009), que consta dun total de 47 ítems e presenta a mesma escala tipo Likert de 1 a 5. O CGM diferencia unha serie de estratexias volitivas organizadas en tres escalas: xestión de crenzas, de motivos e valor, e de xestión afectiva. Na primeira escala atópase unha das estratexias volitivas que queremos estudar: a activación de crenzas de autoeficacia. Na escala de motivos e valor sitúase a segunda estratexia definida como central neste estudo: a demora da gratificación.

Análise de datos

A nosa investigación enmárcase nunha perspectiva empírico-analítica de carácter cuantitativo cun deseño descritivo correlacional a través de enquisa. Para a análise dos datos recorreuse ao software estatístico SPSS (IBM SPSS 2.0). Primeiramente, realizouse unha análise exploratoria dos datos para: avaliar a súa calidade, observar a forma da distribución, determinar as medidas de resumo e calcular as medidas de dispersión. Para determinar a validez dos instrumentos realizouse unha análise factorial, así como a análise de contido dos factores e de confiabilidade dos mesmos. Con

EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Incidencia das metas académicas do alumnado de secundaria na súa xestión motivacional

obxecto de contrastar as hipóteses, e partindo da análise de correlación entre as variables de estudo, empregouse a análise de regresión múltiple por pasos, a fin de determinar o grao en que a estrutura de metas pode predicir o uso de estratexias volitivas como a demora da gratificación ou a activación de crenzas de autoeficacia.

PRINCIPAIS RESULTADOS

Atendendo aos obxectivos expostos neste proxecto analizáronse as relacións existentes entre as diferentes orientacións a metas identificadas a partir do CEMA II e dúas das estratexias de autorregulación motivacional avaliadas: a *demora da gratificación* ou a *activación de crenzas de autoeficacia*. Empregando o coeficiente de correlación de Pearson observouse que tanto a demora da gratificación como a activación de crenzas de autoeficacia sosteñen unha correlación significativa coa implicación no estudo para a obtención dun traballo futuro digno. Con todo, parece que unicamente a activación de crenzas de autoeficacia correlaciona significativa e positivamente coa implicación por interese na materia ou para a adquisición de competencia e control -metas orientadas á aprendizaxe-. Do mesmo xeito, só a demora da gratificación parece manter unha correlación positiva coa implicación para evitar castigos. A procura de aprobación social pode tamén manter unha correlación positiva de pequena magnitude coa activación de crenzas de autoeficacia. Profundando na análise destas relacións levouse a cabo unha análise de regresión múltiple.

Para a demora da gratificación, o modelo correspondente ao último paso indica que as variables predictoras comúns son as metas orientadas á procura dun futuro digno e á evitación de castigos, ambas tipificadas como metas vinculadas ao logro e ás recompensas. A cantidade de varianza explicada do criterio alcanza o 11.7% (R^2

corrixida=.11). Tanto a procura dun futuro digno ($\beta=.27$; $t=3.55$; $p=.001$) como a evitación de castigos ($\beta=.23$; $t=3.04$; $p=.003$) predecirían positivamente e en proporcións similares o emprego da demora da gratificación para xestionar a propia motivación.

De igual modo, profundando na análise de relacións levouse a cabo outra análise de regresión múltiple por pasos, considerando a activación de crenzas de autoeficacia como variable criterio. Esta estratexia volitiva viría positivamente explicada por razóns para implicarse como o interese pola materia ($\beta=.37$; $t=5.52$; $p\leq.001$); a procura dun traballo futuro digno ($\beta=.27$; $t=4.00$; $p\leq.001$); a adquisición de competencia e control ($\beta=.24$; $t=3.54$; $p\leq.001$); e de valoración social ($\beta=.17$; $t=2.63$; $p=.009$). Neste caso, atopouse que a evitación do traballo por defensa da imaxe podería reducir a activación de crenzas de autoeficacia como recurso para soste o compromiso coa actividade ($\beta =-.14$; $t=-2.12$; $p=.035$).

DISCUSIÓN E CONCLUSIÓNS

Os resultados desta investigación mostran, en primeiro lugar, que traballar por interese na materia, para lograr un traballo futuro digno e/ou para ser máis capaz e competente pode apoiar a activación de crenzas de autoeficacia cando ao alumno cústalle manterse centrado no estudo. Este resultado permite corroborar basicamente a hipótese explicativa elaborada para esta estratexia volitiva e enunciada por Montalvo e Torres (2004).

Outra das principais achegas desta investigación xira ao redor da explicación da demora da gratificación. A diferenza do que se tiña hipotetizado, e en contradición coas achegas de Abd-El-Fattah e Al-Nabhani (2012) relativas á contribución positiva da orientación a metas de dominio, os resultados non mostran unha correlación significativa entre esta estratexia motivacional e as metas orientadas á adquisición de

competencia ou ás metas centradas no interese pola materia. A demora da gratificación podería estar asociada en maior medida que outras estratexias volitivas ás metas de logro ou recompensa e, especificamente, á evitación de castigos. Así, os alumnos implicados no estudo polo desexo de obter un traballo futuro digno ou para evitar castigos poderían facer uso da demora da gratificación en maior medida que aqueles caracterizados por unha orientación de aprendizaxe. Cabe a posibilidade de que os estudantes que empregan demora da gratificación se comprometan coa súa propia aprendizaxe porque é importante para os seus proxectos ou metas futuras, vinculados tanto aos seus estudos (lograr un bo expediente) como a outros aspectos máis sociais (conseguir un bo traballo ou vivir ben), sen estar necesariamente interesados, intrinsecamente, nunha tarefa ou nun campo concreto (Véxase Valle, Cabanach, Rodríguez, Núñez, e González-Pienda, 2006).

Asumindo como parte da discusión dos resultados, suxírese un marco estrutural no que as metas académicas se sitúen nun continuo que se prolonga desde o carácter máis interno (autotélico), ata o carácter máis extrínseco en relación ao individuo. Neste marco, as metas orientadas á aprendizaxe serían as metas esencialmente máis intrínsecas, xa que traballar por interese e para adquirir competencia e control serían razóns máis relativas á actividade ou tarefa en si mesma. Estudiar e aprender obsérvase como un fin en si mesmo. Posiblemente, nunha zona máis externa desta estrutura, situaríanse as metas orientadas ao logro ou á recompensa, xa que neste caso o compromiso coa actividade de estudo non está relacionado con esta senón que se consideraría como un medio para alcanzar outros obxectivos.

EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Incidencia das metas académicas do alumnado de secundaria na súa xestión motivacional

Asumindo esta organización, e atendendo aos resultados, cabería considerar a activación de crenzas de autoeficacia como unha estratexia volitiva capaz de sostener un compromiso máis profundo e de maior calidade coa propia aprendizaxe que aquel sostido mediante a demora da gratificación. Nesta liña, recoñecendo as evidencias de que o alumnado con motivación cara á aprendizaxe e ao logro presenta uns valores significativamente máis altos en rendemento académico que os alumnos orientados a metas de logro ou metas centradas en adquisición de valoración social (Valle, Núñez, Cabanach, Rodríguez, González-Pienda, e Rosário, 2009) cabe suxerir tamén unha asociación importante entre o rendemento académico e a activación das crenzas de autoeficacia.

REFERENCIAS

- Abd-El-Fattah, S. M., e AL-Nabhani, H. Z. (2012). From Self-Theories of Intelligence to Academic Delay of Gratification: The Mediating Role of Achievement Goals. *Australian Journal of Educational & Developmental Psychology*, 12, 93-107.
- Bandura, A. (1997). *Self-efficacy: The exercise of control*. New York: Freeman.
- Bembenutty, H., e Karabenick, S. A. (1998). Academic delay of gratification. *Learning and Individual Differences*, 10(4), 329-346.
- Bembenutty, H., e Karabenick, S. A. (2004). Inherent association between academic delay of gratification, future time perspective, and self-regulated learning. *Educational Psychology Review*, 16, 35-57.
- Cabanach, R., Valle, A., Gerpe, M., Rodríguez, S., Piñeiro, I., e Rosário, P. (2009). Diseño y validación de un cuestionario de gestión motivacional. *Revista de Psicodidáctica*, 14, 29-48.
- Corno, L. (1993). The best-laid plans: Modern conceptions of volition and educational research. *Educational Researcher*, 22, 14-22.
- Corno, L. (2001). Volitional aspects of self-regulated learning. En B. J. Zimmerman, e D. H. Schunk (Eds.), *Self-regulated learning and academic achievement: Theoretical perspectives* (pp. 191-226). New York & London: Lawrence Erlbaum Associates.
- Gaeta, M., Teruel, M. P., e Orejudo, S. (2012). Aspectos motivacionales, volitivos y metacognitivos del aprendizaje autorregulado. *Electronic Journal of Research*, 10(1), 73-94.
- Montalvo, F., e Torres, M. (2004). El aprendizaje autorregulado: presente y futuro de la investigación. *Electronic Journal of Research In Educational Psychology*, 2, 1-34.
- Núñez, J. C., González-Pienda, J. A., González-Pumariega, S., García, M., e Rocés, C. (1997). *Cuestionario para la evaluación de metas académicas en Secundaria (CEMA-II)*. Departamento de Psicología, Universidad de Oviedo.
- Valle, A., Cabanach, R., Rodríguez, S., Núñez, J., e González-Pienda, J. (2006). Metas académicas, estrategias cognitivas y estrategias de autorregulación del estudio. *Psicothema*, 18, 165-170.
- Valle, A., Núñez, J. C., Cabanach, R. C., Rodríguez, S., González-Pienda, J. A., e Rosário, P. (2009). Perfiles motivacionales en estudiantes de secundaria: análisis diferencial en estrategias cognitivas, estrategias de autorregulación y rendimiento académico. *Revista Mexicana de Psicología*, 26, 113-124.
- Wolters, C. A. (2003). Understanding procrastination from a self-regulated learning perspective. *Journal of Educational Psychology*, 95, 179-187.

Iris Estévez Blanco

GI PED

Departamento de Psicología
Evolutiva e da Educación
(PEE)

Universidade da Coruña

EXPERIENCIA EDUCATIVA

Plural.Es: Peza clave do Proxecto PEINAS en Caldas de Reis

O aumento da chegada de persoas inmigrantes ao municipio de Caldas de Reis (Pontevedra) a partires do ano 2000 foi o xermolo para que no ano 2007 nacesse a Asociación Intercultural PLURAL.es +=q≠, como resposta á chegada á vila de persoas orixinarias doutros países que, xunto a cidadáns autóctonos, senten a necesidade de asociarse co obxectivo de ser quen de construír un pobo onde se recoñeza e respecte a diversidade, así como de traballar a prol dunha convivencia pacífica entre todos os caldenses, nados ou non no municipio. Entidade sen ánimo de lucro, centrou o seu labor en acompañar aos inmigrantes nos seus primeiros pasos no noso país: obtención de papeis, procura de aluguer, matrícula nos centros escolares para os seus fillos, documentos sanitarios... Máis tarde foi a sensibilización da poboación autóctona co fenómeno das migracións, a aprendizaxe das linguas castelá e galega; ou temas xurídicos, sanitarios, educativos, políticos e de organización territorial do estado e das súas institucións.

A implantación da metodoloxía de aprendizaxe-servizo na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela permite participar á Asociación nun proxecto de ApS denominado PEINAS (Pedagogía Intercultural e Aprendizaxe-Servizo), que nace no curso 2010/2011 no Grao de Pedagogía, vinculado á materia de Pedagogía Intercultural e coordinado polo profesor Miguel A. Santos Rego no segundo ano da carreira.

As entidades sociais teñen un papel protagonista e esencial no desenvolvemento de proxectos de aprendizaxe-servizo, xa que poden ser os *partenaires* que axuden a centros educativos a realizar o servizo, ofrecendo soporte, relacións e sobre todo axuda no proceso (Santos, Sotelino, e Lorenzo, 2015).

É nese mesmo ano 2010 cando a Asociación PLURAL.es, que xa viña tendo pequenas colaboracións co Grupo de Investigación Esculca, recibe unha proposta para participar no proxecto PEINAS. Aceptouse o reto, aínda que nese intre non se tiña consciencia da transcendencia que supuña formar parte da formación de futuros profesionais como “cidadáns cun sentido de ben común” (Santos et al., 2015), sensibles e implicados coa causa que nos move a traballar dende hai anos.

Trala firma dun convenio coa USC e da detección das necesidades que presentaba a Asociación nese intre, baixo o abano de PEINAS, creouse un programa, específico para Caldas, de apoio escolar para alumnado de orixe inmigrante e de programación de actividades de lecer e tempo libre, que estivo vixente dous anos (cursos 2010/11 e 2011/12). No curso seguinte o Concello puxo en marcha outro similar, dirixido a alumnado do municipio que presentaba

dificultades de aprendizaxe de diferente índole; convertendo o noso en prescindible.

Coincidindo co peche do servizo municipal de atención ao inmigrante, “Punto de encontro”, que tiña un programa de aprendizaxe de linguas, formulouse a necesidade de darlle continuidade á ensinanza das linguas oficiais da Comunidade Autónoma. É a partires do curso 2012/13 e ata a actualidade, que se substituíu o anterior programa por un de alfabetización en linguas castelá e galega para estranxeiros adultos; aínda que nos últimos anos está dirixido exclusivamente ás mulleres marroquís, pola súa demanda e prioridade. Paralelamente préstase un servizo de actividades de lecer e tempo libre dirixido aos fillos das participantes.

Durante tres meses e en sesións de dúas horas semanais, os universitarios, apoiados por persoas da Asociación, imparten clases en horario e datas que dependen da dispoñibilidade dos participantes, polo que varían cada curso. O programa está tutelado, por parte de PLURAL.es, por unha voluntaria, licenciada en Filoloxía Española e docente de profesión que, xunto co alumnado universitario, elabora, revisa e actualiza os contidos anualmente. Para elo celébranse reunións previas, nas que ademais se lles amosa o traballo da Asociación e os seus obxectivos.

Mentres que os dous primeiros anos todos os universitarios impartían clase en todas as sesións, nos posteriores xurdiu a necesidade de alternarse para poder atender non só aos adultos estranxeiros senón tamén aos seus fillos.

A primeira sesión do curso dedícase a explicar en que consiste o programa PEINAS e os obxectivos que persegue. Tanto o “profesorado” como o alumnado fai unha presentación individualizada; feito que supón xa un primeiro achegamento ao nivel de expresión oral das persoas inmigrantes que participan. A continuación faise entrega do material, explícase o funcionamento e as normas que rexerán dita actividade. No caso da ensinanza de linguas, ata o 2016 só se tiña traballado a lingua oral, e é neste curso no que se amplía coa escrita.

É no mes de maio no que se emite por parte da Asociación un pequeno informe, avaliando a participación dos universitarios en catro aspectos: asistencia, implicación, coordinación e calidade do servizo. Esta nota pesa un 20% na cualificación final que obterá o alumnado na materia de Pedagogía Intercultural.

Ao remate de cada curso organízase unha Xornada Intercultural que consiste nun día de lecer no que a

EXPERIENCIA EDUCATIVA

Plural.Es: Peza clave do Proxecto PEINAS en Caldas de Reis

gastronomía, a cultura e, sobre todo, a diversión é o que prima.

Posteriormente faise unha avaliación xeral do programa PEINAS, partindo da reflexión, para poder ir mellorando ano a ano.

O balance que se pode facer da participación no Proxecto PEINAS é altamente favorable. En primeiro lugar, salienta a enorme axuda que supón para unha Asociación pequena dun pobo mediano galego contar, ano tras ano, con persoal cualificado e gratuíto durante tres meses para a realización de programas de calidade de diferente índole. Pero, sen dúbida, isto non é o máis importante; xa que se primara este aspecto, non suporía máis que un intercambio interesado, mercantilista, cando menos. Outros dos beneficios que supón para PLURAL.es participar como *partenaire* neste proxecto son: permite manter un programa de formación estable, serio e de calidade; achega a universidade á poboación inmigrante, permitindo coñecerla de primeira man e visualizando os estudos universitarios como vías futuras para os seus descendentes; aumenta a autoestima de todos os participantes (alumnado e profesorado), uns porque se favorecen e adquiren unha ferramenta imprescindible para a integración e comprensión do entorno, outros porque visualizan saídas profesionais, adquiren competencias e melloran as súas habilidades sociais; empodera á Asociación mesma como sabedora e parte implicada nun proxecto de innovación pedagóxica, que contribuirá, sen dúbida, a unha mellora do rendemento académico e dun maior e consciente compromiso cívico dos universitarios implicados; proxecta o traballo de PLURAL.es a nivel nacional, pola presenza en diferentes foros; benefíciase do coñecemento teórico e das novas investigacións que se producen no ámbito académico universitario; favorece o entendemento entre as diversas culturas que forman parte da nosa sociedade; contribúe á promoción dunha cultura escolar máis activa, baseada nos valores democráticos, é dicir, no respecto cara aos demais, a tolerancia, a confianza mutua, a solidariedade e a cooperación (Priegue e Sotelino, 2016).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Priegue, D., e Sotelino, A. (2016). *Aprendizaje-servicio y construcción de una ciudadanía intercultural: El proyecto PEINAS*. Recuperado el 18 de mayo de 2016, de Foro Educación:
<http://dx.doi.org/10.14516/fde.2016.014.020.018>

Santos, M., Sotelino, A., e Lorenzo, M. (2015). *Aprendizaje-servicio y misión en la universidad*. Barcelona: Octaedro.

M^a Begoña Castro Martínez

Colaboradora GI ESCULCA

Asociación Intercultural

PLURAL.es +=q#

(Caldas de Reis- Pontevedra)

ACCIÓNS DA REDE RIES

CURSOS, SEMINARIOS E CONGRESOS

CURSO PLATEGA 2015-2016: ORIENTACIÓN, TITORÍA E CONSTRUCCIÓN DE IDENTIDADES LIBRES DE ESTEREOTIPOS DE XÉNERO

Santiago de Compostela, 28 de marzo-3 de xuño de 2016

Este curso, no que participou a Profa. M^a José Méndez Lois, organizouse en colaboración entre a Secretaría Xeral de Igualdade e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a través da plataforma Platega do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI). A súa finalidade foi sensibilizar e formar ao profesorado non universitario para a procura dunha intervención en orientación académico-profesional inclusiva, traballando sobre catro eixos fundamentais: a socialización diferenciada de nenas e nenos, a construción da identidade libre de estereotipos de xénero no medio académico, a indagación e análise obxectivo da realidade laboral actual e o deseño de propostas de orientación académica e profesional non sexista, coeducativa ou inclusiva nos centros docentes non universitarios.

XII ENCONTRO DE MORFÓLOGOS

Santiago de Compostela, 5-6 de maio de 2016

O XII Encontro de Morfólogos, organizado polo Grupo de Investigación Gramática do Español, tivo lugar na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. O tema elixido foi "Procesos morfolóxicos e Zonas de interferencia", de modo que o obxectivo principal consistiu en



prestar atención aos límites entre os diversos procesos morfolóxicos. Como é habitual, a xornada académica desenvolveuse ao longo do venres 6 de maio e estivo destinada tanto a investigadores como a estudantes. A asistencia ao Encontro foi totalmente libre e non tivo cota de inscrición. Os Encontros de Morfólogos veñen celebrándose anualmente desde o ano 2005 en diversas universidades españolas e reúnen a todos aqueles investigadores cuxo ámbito de estudo é a morfoloxía teórica ou a morfoloxía do español.



XORNADAS SOBRE DEBERES ESCOLARES

A Coruña, 24-25 de maio de 2016

En maio celebráronse na Universidade da Coruña (Facultade de CC. da Educación), as Xornadas sobre os deberes escolares, organizadas polo GI PED. Con estas xornadas pretendíase establecer un foro de debate que posibilitase un uso razoable dos deberes escolares, de tal maneira que a través dos resultados da investigación e das achegas dos principais axentes implicados se puidese chegar a puntos de encontro e expor un conxunto de propostas respecto de como, cando e en que medida hai que prescribir deberes escolares aos alumnos/as.

UTILIZACIÓN DE BASES DE DATOS PARA AUMENTO DO ÍNDICE DE IMPACTO DA PRODUCCIÓN CIENTÍFICA

Vigo, 26 de maio de 2016

O Grupo de Investigación GIES 10, da Universidade de Vigo, puxo en marcha no mes de maio unha actividade sobre a utilización de bases de datos para o aumento do índice de impacto da produción científica impartido polo profesor Héctor Castro Rey.

ACCIÓNS DA REDE RIES



SEMINARIO INTERUNIVERSITARIO INNOVACIÓN, CALIDADE E REPUTACIÓN NA UNIVERSIDADE

Pamplona, 2 de xuño de 2016

A Rede de Excelencia Universidade, Innovación e Aprendizaxe na Sociedade do Coñecemento, coordinada polo Prof. Miguel A. Santos Rego, organizou na Universidade de Navarra un seminario sobre innovación, calidade e reputación na Educación Superior. Os eixos do evento foron: fomento da innovación desde as universidades (proxectos, retos e limitacións), código de conduta como necesidade ou utopía, reputación-calidade-éxito na educación universitaria e, por último, a presentación do libro *Sociedad del Conocimiento. Aprendizaje e innovación en la Universidad* (Biblioteca Nueva, 2016).

CURSO DE VERÁN “XORNADAS SOBRE PRIMEIROS AUXILIOS. A RCP BÁSICA DE CALIDADE, POR UNHA EDUCACIÓN FÍSICA MÁIS SEGURA”

Santiago de Compostela, 7-10 de xuño de 2016

O Prof. José Eugenio Rodríguez Fernández, membro do GI ESCULCA, dirixiu no mes de xuño unhas xornadas sobre primeiros auxilios na Facultade de Ciencias da Educación (Campus Norte).

SEMINARIO “APRENDIZAXE-SERVIZO: UN MARCO DE INNOVACIÓN EDUCATIVA NA EDUCACIÓN SUPERIOR”

Santiago de Compostela, 16-17 de xuño de 2016

O Prof. Miguel A. Santos Rego coordinou un seminario sobre ApS celebrado na Universidade de Santiago de Compostela no marco do Proxecto ESPIRIT da UE. O seminario estivo destinado a profesores de universidades israelitas. Entre os temas abordados destacan: aprendizaxe-servizo como unha opción para a innovación educativa na universidade, implicacións da investigación en aprendizaxe-servizo unido ao rendemento académico e capital social dos estudantes universitarios, aprendizaxe-servizo e desenvolvemento de competencias e experiencias de aprendizaxe-servizo na Universidade de Santiago de Compostela.



VII SEMINARIO DA REDE INTERUNIVERSITARIA DE PROFESORADO DE ORIENTACIÓN

Lleida, 16-17 de xuño de 2016

A Profa. Elena Fernández Rey (coordinadora do grupo DIOEP) asistiu ao VII seminario da Rede Interuniversitaria de Profesorado de Orientación (Universidade de Lleida), no que se traballaron e discutiron temas de referencia en relación á Orientación Educativa e Profesional en España e á proxección da Rede.

ACTIVIDADES DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN, ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE (GIES10)

Vigo, 17 de xuño de 2016

O Grupo de Investigación GIES10 puxo en marcha no mes de xuño as Xornadas de adestramento funcional (Relatores: Rui Garganta, Ana Sousa e Dárida Castro). Entre os temas para tratar atópanse o adestramento funcional para mozos, adultos e atletas; adestramento funcional para persoas con necesidades educativas especiais; e adestramento funcional para persoas maiores.

REUNIÓN DE TRABALLO DO GI DIOEP CO GI CAREER DEVELOPMENT AND COUNSELLING

Braga, 22 de xuño de 2016

Os Profesores Cristina Ceinos e Miguel A. Nogueira (GI DIOEP) mantiveron unha reunión de traballo co GI Career Development and Counselling, dirixido pola Profesora María do Céu Taveira. A reunión tivo lugar na Escola de Psicoloxía da Universidade de Minho (Braga), co obxecto de fortalecer os vínculos entre os dous grupos de investigación de cara ao desenvolvemento de futuros proxectos en común.



ACCIÓNS DA REDE RIES

SIMPOSIO "PROYECTO GUIDE MY W@Y"

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2016

O GI DIOEP desenvolveu na Facultade de CC. da Educación (Campus Vida) da Universidade de Santiago de Compostela un simposio para a difusión dos principais resultados do Proxecto Europeo «Guide My W@y!», no que participa como socio. A finalidade principal do citado Proxecto Erasmus+ é o deseño e implementación de diferentes recursos para a orientación da mocidade con expectativas de mobilidade (formativa e laboral) en Europa, incluíndo o desenvolvemento de formación específica de profesionais para a e-Orientación. Esta reunión foi un anticipo local da Conferencia Internacional no seo do proxecto que se celebrou en Mannheim (HdBA/University of Applied Labour Studies) os días 7 e 8 de xullo, e que tamén contou coa presenza de membros do GI DIOEP.



SIMPOSIO "O APRENDIZAXE-SERVIZO NA UNIVERSIDADE. PEDAGOXÍA E CAPITAL SOCIAL PARA OS ESTUDANTES"

Madrid, 29 de xuño de 2016

O pasado día 29 de xuño celebrouse, no marco do XVI Congreso Nacional e VII Iberoamericano de Pedagogía, un simposio sobre Aprendizaxe-Servizo coordinado polo Prof. Miguel A. Santos Rego, no que se deron cita un conxunto de investigadores pertencentes a diversas universidades españolas que integran o Proxecto de Investigación "Aprendizaxe-Servizo e Innovación na Universidade. Un Programa para a mellora do Rendemento Académico e o Capital Social dos estudantes universitarios" financiado polo Ministerio de Economía e Competitividade.

II CONGRESO DE INVESTIGACIÓN EDUCATIVA "RETOS CARA A CONSTRUCCIÓN DE CIDADANÍA"

La Paz (México), 30 de xuño-2 de xullo de 2016

Os profesores Miguel A. Santos Rego e Mar Lorenzo Moledo, do GI ESCULCA, participaron como relatores no II Congreso de Investigación Educativa "Retos cara á construción de cidadanía", que se celebrou na Universidade Pedagóxica Nacional (A Paz, México), impartindo a conferencia "En clave de futuro: Coidar a formación do profesorado" e o taller "A investigación educativa: o eixo teórico e metodolóxico".



II XORNADAS DE PSICOLOXÍA EVOLUTIVA

A Coruña, 6-7 de xullo de 2016

O obxectivo destas xornadas, organizadas polo GI PED, foi dar a coñecer algunhas liñas de investigación en psicoloxía e educación que están a desenvolver outros equipos de investigación e que teñen relación con algunhas áreas de investigación deste grupo. As xornadas estiveron dirixidas especialmente ao alumnado das titulacións do ámbito da psicoloxía e a educación, tanto de graos como de máster, e tamén aos distintos profesionais que desenvolven o seu labor en centros e institucións educativas.



INTERNATIONAL CONFERENCE GUIDE MY W@Y! A EUROPEAN CAREER GUIDANCE CONCEPT FOR INTERNATIONAL YOUTH MOBILITY

Mannheim (Alemaña), 7 de xullo de 2016

O GI DIOEP participa na University of Applied Labour Studies (HdBA), no marco do proxecto Erasmus+ Guide My W@y! na presentación dos resultados do proxecto a nivel internacional, entre a comunidade especializada en orientación profesional. Contouse coa presenza de máis de 60 especialistas en orientación profesional así como de mocidade en formación da HdBA. Os principais resultados do



proxecto céntranse no concepto europeo de orientación para a mobilidade internacional da mocidade, un portal interactivo de e-Learning e a orientación virtual.

ACCIÓNS DA REDE RIES

FINAL TRANSNATIONAL MEETING GUIDE My W@Y!

Mannheim (Alemaña), 8 de xullo de 2016

O GI DIOEP participou na University of Applied Labour Studies (HdBA) na avaliación final do desenvolvemento do proxecto Erasmus+ Guide My W@e! e dos seus resultados, así como a sustentabilidade dos mesmos a curto e longo prazo. Entre os participantes atópanse os socios do proxecto europeo: Alemaña (Coords.), Polonia, Chequia, España e Lituania.



UNIVERSIDADE DE VERÁN 2016: CURSO XII NOVAS FRONTEIRAS NA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES 2.0: EDUCACIÓN AFECTIVO SEXUAL, PROSTITUCIÓN, TRATA E OUTRAS VIOLENCIAS

Lalín, 12-15 de xullo de 2016

A decimosegunda edición do curso organizado por María José Méndez Lois e María Jesús Payo Negro tivo como obxectivo principal tomar conciencia sobre as violencias na sociedade civil a fin de intercambiar e analizar boas prácticas para o desenvolvemento de actuacións igualitarias que faciliten, aos distintos axentes de socialización que participan na formación e educación da cidadanía, a detección dos problemas educativos e sociais neste ámbito e a achega de alternativas de solución que contribúan a mellorar a nosa sociedade. O curso celebrouse no Auditorio Municipal de Lalín, cunha duración de 30 horas, coorganizado polo Instituto de Ciencias da Educación (ICE-USC) e a Oficina de Igualdade do Concello de Lalín.

SEMINARIO SOBRE LANGUAGE REGARD

Santiago de Compostela, 13-15 de xullo de 2016

Seminario organizado polo GI Gramática do español dentro do proxecto "O estudo da lingua oral: explotación e análise de corpus - ESLORA2, ref. FFI2014-52287-P". A asistencia ao mesmo foi gratuíta e desenvolveuse en horario de mañá, abordando temas como a linguaxe e a súa terminoloxía, estado actual e/ou perspectivas de futuro.

PRESENTACIÓN DO INFORME "OS PROGRAMAS DE EDUCACIÓN NON FORMAL E A EMPREGABILIDADE DA XUVENTUDE EN GALICIA"

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2016

O Conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, presentou o informe elaborado polo GI ESCULCA sobre os programas de educación non formal da Xunta de Galicia e a empregabilidade da mocidade. Este informe realizouse no marco dun convenio asinado o pasado mes de abril de 2015 entre a Consellería e a Universidade de Santiago de Compostela.

O estudo ten como eixo os Programas Iniciativa Xove, Voluntariado Xuvenil e Galeuropa, desenvolvidos pola Dirección Xeral de Mocidade e Voluntariado da Xunta de Galicia. O estudo presentaba dous obxectivos: avaliar que aptitudes interpersoais e competencias desenvolven os/as mozas que participan nestes programas e analizar en que medida esas aptitudes interpersoais e competencias contribúen á súa empregabilidade.



UNIVERSIDADE DE VERÁN 2016: III XORNADAS DE COACHING EDUCATIVO: A INNOVACIÓN DESDE A ESCOLA

Santiago de Compostela, 19-20 de xullo de 2016



Coa terceira edición destas xornadas, nas que participou a Profa. Dra. M^a José Méndez Lois (GI GEFIL), preténdese abordar o *coaching* educativo como disciplina que axuda a potenciar as competencias individuais, favorecendo procesos de cambio e posibilitando a resolución das dificultades e dos conflitos entre pares. O principal obxectivo era chegar aos profesionais en activo e aos futuros profesionais da educación a perspectiva do *coaching* educativo a través do coñecemento de ferramentas e recursos.

ACCIÓNS DA REDE RIES



UNIVERSIDADE DE VERÁN 2016: OS DEREITOS DOS NENOS E DAS NENAS: A SITUACIÓN DA INFANCIA EN GALICIA

Santiago de Compostela, 21-22 de xullo de 2016

O obxectivo principal do curso, que estivo dirixido polas Profas. Mar Lorenzo Moledo e María del Carmen Gutiérrez Moar, foi analizar a situación socioeducativa da infancia na sociedade actual a través de catro ámbitos fundamentais: educativo, social, políticas sociais e participación. Ademais, contou coa colaboración na organización da actividade o Fondo de Nacións Unidas para a Infancia (UNICEF) e o Valedor do Pobo de Galicia.

ESTADÍAS DE INVESTIGACIÓN

BIBIANA REGUEIRO, DO GI PED, REALIZOU UNHA ESTADÍA NA UNIVERSIDADE DE TUBINGA

Alemaña, 20 de abril-20 de maio de 2016

Bibiana Regueiro, membro do GI PED, realizou unha estadía na Universidade de Tubinga, unha das universidades máis antigas de Alemaña, con amplo recoñecemento internacional, baixo a dirección do Prof. Ulrich Trautwein, referente na investigación da influencia dos deberes escolares no rendemento.

PRÓXIMAS ACCIÓNS DA REDE RIES

CURSOS, SEMINARIOS E CONGRESOS

VII CONGRESO NACIONAL E II INTERNACIONAL DE APRENDIZAXE-SERVIZO UNIVERSITARIO

Santiago de Compostela, 13-15 de outubro de 2016

Entre os días 13 e 15 de outubro do presente 2016 terá lugar na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela o VII Congreso Nacional e II Internacional de Aprendizaxe-Servizo Universitario. Esta sétima edición estará coordinada desde o GI ESCULCA e a Rede RIES. A presidencia do comité organizador estará personificada no Prof. Miguel A. Santos Rego, a coordinación xeral na Profa. Mar Lorenzo Moledo e a secretaría estará a cargo de Alexandre Sotelino Losada.

Este congreso serve, ademais, como encontro anual da Rede Universitaria de Aprendizaxe Servizo ApS(U7), formada por profesorado e técnicos universitarios que traballan ou mostran interese neste ámbito, buscando diseminar e facilitar a adopción da aprendizaxe-servizo nas universidades españolas. Os encontros anuais foron inicialmente concibidos como espazos onde intercambiar experiencias e reflexionar conxuntamente sobre os retos para a implementación do ApS na universidade.



XVIII CONGRESSO INTERNACIONAL DE FORMAÇÃO PARA O TRABALHO-NORTE DE PORTUGAL/GALIZA. "SER JOVEM, SER TRABALHADOR: INCERTEZAS, DESAFÍOS E RESPOSTAS".

Viana do Castelo, 20-21 de outubro de 2016

Pretende a XVIII edición do *Congresso Internacional de Formación para ou Trabalho-Norte de Portugal/Galiza* revisar os avances en materia de formación, emprego e orientación nos mozos e poñer de relevo a produción científica, técnica, boas prácticas e interrogantes para analizar a actualidade destas cuestións no contexto da Eurorrexión Galicia e Norte de Portugal. Baixo o título "A importancia da educación, da formación e do emprego dos mozos na construción dos proxectos persoais e profesionais e no desenvolvemento social e humano" abordaranse temas como os seguintes: novas formas de organización do traballo, relevancia das competencias transversais, importancia das aprendizaxes non formais e informais, resiliencia xuvenil, papel dos *stakeholders*, estímulo para empregadores e empresas e pontes entre os sistemas de formación/educación de mozas e o traballo/emprego.

2º CURSO DE DESTREZAS E ESTRATEXIAS PARA A COEDUCACIÓN EMOCIONAL

Santiago de Compostela, 4, 11, 18 e 25 de novembro-3 de decembro de 2016

O Seminario de Emocionalidade, Xénero e Desenvolvemento Humano (EXDEHU) do Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela organiza, por segundo ano, este curso dirixido a profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, alumnado da Facultade de Ciencias da Educación e outros profesionais interesados na temática. Os obxectivos desta actividade pasan por comprender a relevancia das emocións na escola coeducativa, tomar conciencia das propias emocións e das emocións dos demais e enfrontarse á tarefa de educar en relación ás dimensións coeducativa e emocional.

X SEMINARIO NACIONAL DE ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO INMIGRANTE. EXPERIENCIA E INNOVACIÓN. A XESTIÓN DA DIVERSIDADE CULTURAL DESDE A ORIENTACIÓN NO SISTEMA EDUCATIVO

Santiago de Compostela, 11-12 de novembro de 2016

Un ano máis, o GI ESCULCA-USC organiza, en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, un seminario de formación centrado na atención educativa proporcionada ao alumnado inmigrante desde a perspectiva da xestión da diversidade cultural desde a orientación educativa. Os obxectivos do mesmo céntranse en ampliar e fortalecer as canles de colaboración entre investigadores e profesionais da educación, continuar coa consolidación dun foro estable sobre investigación e innovación na atención educativa á diversidade cultural, procurar o coñecemento e a posta en valor de proxectos educativos neste ámbito, axudar á difusión de ideas e proxectos socioeducativos, animar a participación de profesionais da educación que desenvolvan programas en centros para que poñan en valor social as súas experiencias e favorecer novos enfoques na formación de profesorado.

PRÓXIMAS ACCIÓNS DA REDE RIES

ESTADÍAS DE INVESTIGACIÓN

MIGUEL A. NOGUEIRA PÉREZ, DO GI DIOEP, REALIZA UNHA ESTADÍA NA UNIVERSIDADE DE MIÑO

Braga, setembro-decembro de 2016

O Prof. Miguel A. Nogueira, membro do Grupo de Investigación DIOEP, realizará unha estadía na Escola de Psicoloxía da Universidade do Minho (Braga, Portugal), durante a segunda quincena do mes de xullo e mes de setembro, traballando co Grupo de Investigación Career Development and Counselling, coordinado pola profesora María do Céu Taveira.

PRÓXIMOS CONGRESOS

VIII ENCONTRO IBÉRICO DE HISTORIA DA EDUCACIÓN “A HISTORIA DA EDUCACIÓN HOXE: RETOS, INTERROGANTES, RESPOSTAS”

Lugo, 8-10 de setembro de 2016

Este encontro propiciará un espazo de comunicación entre investigadores e investigadoras noveis no campo da Historia da Educación, e investigadores e investigadoras con experiencia e traxectoria neste campo, de España e Portugal. O obxectivo é dar a coñecer as liñas de traballo e propiciar un lugar de debate sobre vellas e novas fontes, metodoloxías e temas de estudo e investigación en Historia da Educación.

Máis información: <http://sedhe.es/novedades/encontroLugo2016/>



3º CONGRESO INTERNACIONAL CoRUBRIC16: TECNOLOXÍAS PARA A AVALIACIÓN DO PRÁCTICUM E AS PRÁCTICAS EXTERNAS EN CONTEXTOS MULTIDISCIPLINARES

Málaga, 13-15 de outubro de 2016

No 3º Congreso Internacional CoRubric16: Tecnoloxías para a avaliación do Prácticum e as prácticas externas en contextos multidisciplinares, organizado por dous equipos de investigación (Gtea e Encic), abórdanse as posibilidades das TIC para a titorización do ePortafolios para as prácticas externas. Durante o congreso analizaranse os modelos pedagóxicos do ePortafolios, así como as diferentes tecnoloxías dos ePortafolios que permiten documentar, comunicar e avaliar as aprendizaxes das prácticas externas.

Máis información: <http://www.uma.es/infouma/eventos/iii-congreso-internacional-corubic16-tecnologias-para-la-evaluacion-de-las-practicas-externas-en-contextos-multidisciplinares/>

CONGRESO INTERNACIONAL “DESAÍOS DA CALIDADE EN INSTITUCIÓNS DE ENSINANZA”

Coimbra, 20-21 de outubro de 2016



No ámbito da conmemoración dos 135 anos da Escola Superior de Enfermería de Coimbra, realízase o Congreso Internacional «Desafíos da Calidade en Institucións de Ensino». Considerando a importancia e a actualidade da temática, sublíñase a centralidade dos sistemas de avaliación institucional, baseados nunha cultura de autorregulación, de autonomía, de prestación de contas e de responsabilidade. A aproximación e a cooperación entre institucións de ensino superior e non superior posibilitará un reforzo das redes colaborativas que permitirá compartir coñecementos e intercambiar experiencias (nacionais e internacionais) para perfeccionar os respectivos sistemas de avaliación da calidade. O día 19 realízase o [Precongreso] Encontro “Responsabilidade Social en Institucións de Ensino”, organizado pola Comisión Sectorial do Ensino (CS11)-Instituto Portugués da Calidade, en colaboración coa ESEnfC.

Máis información: www.esenfc.pt/event/dqje

PRÓXIMOS CONGRESOS


XIX CONGRESO INTERNACIONAL EDUTECH

Alacante, 9-11 novembro de 2016

Este XIX Congreso Internacional EDUTECH 2016 está organizado pola Asociación para o Desenvolvemento da Tecnoloxía Educativa e das Novas Tecnoloxías aplicadas á Educación (EDUTECH) e polo grupo de investigación EDUTIC-ADEI da Universidade de Alacante.

Baixo o lema "Tecnoloxía, innovación e investigación nos procesos de ensino-aprendizaxe", o Congreso pretende ser un punto de encontro de especialistas internacionais en formación, investigación e/ou innovación do ámbito da Tecnoloxía Educativa, co obxectivo de dar a coñecer os máis recentes avances en I+D+i nesta temática.

Máis información: <http://edutech.ddgde.ua.es/>



ICERI2016. 9TH ANNUAL INTERNATIONAL CONFERENCE OF EDUCATION, RESEARCH AND INNOVATION

Sevilla, 14-16 de novembro de 2016

ICERI é unha das maiores conferencias internacionais de educación para profesores, investigadores, tecnólogos e profesionais do sector da educación. Despois de 9 anos, converteuse nun evento de referencia no que máis de 700 expertos de 80 países reúnen para presentar os seus proxectos e compartir os seus coñecementos sobre metodoloxías de ensino e aprendizaxe e innovacións educativas.

Máis información: <https://iated.org/iceri/>

CONGRESO INTERNACIONAL EN CONTEXTOS PSICOLÓXICOS, EDUCATIVOS E DA SAÚDE

Almería, 10-12 de novembro de 2016

Desde a Asociación Universitaria de Psicoloxía e Educación crese na necesidade de seguir favorecendo o encontro de investigadores, e poder dar a coñecer os resultados dos seus traballos e proxectos de investigación, e que a comunidade científica teña acceso aos mesmos. Esta cuarta edición, na que se poderá participar na modalidade on-line/virtual, propúxose constituírse nun espazo para a análise, a xeración de coñecemento, e a súa posterior transferencia á sociedade.



Máis información: <http://www.formacionasunivep.com/cice2016/>



XV CONGRESO NACIONAL DE EDUCACIÓN COMPARADA "CIDADANÍA MUNDIAL E EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO. UNHA MIRADA INTERNACIONAL"

Sevilla, 16-18 de novembro de 2016

A finalidade deste Congreso é contribuír á cidadanía global a través dunha reflexión conxunta, un proxecto compartido, e unha preocupación que nos une en relación a como transferir á sociedade eses coñecementos e propostas de mellora para contribuír á formación de cidadáns/as críticos, responsables e comprometidos co desenvolvemento humano e o desenvolvemento sustentable do planeta, desde unha dimensión mundial e internacional da realidade que nos rodea.

Este espazo de reflexión conxunta é unha oportunidade para reformular certos modelos de crecemento e o seu impacto sobre as políticas de sustentabilidade que pretenden incidir sobre a pobreza, a inmigración, a cooperación ao desenvolvemento, o cambio climático, etc., políticas que deberían articularse a través de verdadeiras institucións globais e o desenvolvemento do concepto de «Cidadanía Mundial».

Máis información: <http://www.upo.es/ocs/index.php/congresoseec2016/seec2016>

NOVIDADES EDITORIAIS

Álvarez Pérez, P. R. (Coord.). (2016). *Competencias genéricas en la enseñanza universitaria*. Málaga: Aljibe.




Daza, L., e Elías, M., (2016). *Los estudiantes de la universidad actual. Quiénes son, cómo son y qué estudian*. Barcelona: Octaedro.



Gil Pascual, J. A. (2016). *Técnicas e instrumentos para la recogida de información*. Madrid: UNED.



Carrera, C., López, T., Matías, P., e Santamaría, C. (2016). *Agenda de trabajo del Orientador. En centros educativos de educación infantil y primaria*. Madrid: Narcea.



Fernández Navas, M., e Alcaraz Salariche, N. (2016). *Innovación educativa. Más allá de la ficción*. Madrid: Pirámide.



Hermosa Martínez, A. M., Nieto Morales, C., e Escanciano Sánchez, F. (2016). *Intervención con menores en conflicto con la ley*. Madrid: Dykinson.



Casanova, M. A. (2016). *Educación inclusiva: un modelo de futuro*. Madrid: Wolters Kluwer.



García Luque, A., e Peinado Rodríguez, M. (2016). *Igualdad de género en Educación Secundaria. Propuestas didácticas audiovisuales*. Barcelona: Octaedro.



Liceras Ruiz, A., e Romero Sánchez, G. (2016). *Didáctica de las Ciencias Sociales. Fundamentos, contextos y propuestas*. Madrid: Pirámide.



NOVIDADES EDITORIAIS


Mateos Jiménez, A., e Manzanares Moya, A. (2016). *Mejores maestros, mejores educadores. Innovación y propuestas en Educación*. Málaga: Aljibe.



Rodríguez Domenech, M. A., Nieto Moreno de Diezmas, E., e Sumozas García-Pardo, R. (Coords.). (2016). *Las tecnologías en educación. Hacia la calidad educativa*. Madrid: Síntesis.




Santos Rego, M. A. (Ed.). (2016). *A Investigación Educativa en Galicia 2002-2014*. Vigo: Galaxia.



Ortega-Ruiz, R., e Zych, I. (Eds.). (2016). *Convivencia escolar. Manual para docentes*. Madrid: Editorial Grupo 5.




Sánchez-Escalonilla, A., e Rodríguez Mateos, A. (Eds.). (2016). *La cultura de los MOOCS*. Madrid: Síntesis.



Traveset Vilagínés, M., e Perellada Enrich, C. (2016). *Las redes sutiles de la educación. Las ideas clave de la pedagogía sistémica multidimensional*. Barcelona: Octaedro.



Pring, R., e Amilburu, M. G. (Eds.). (2016). *Una filosofía de la educación políticamente incómoda*. Madrid: Narcea.



Santos Rego, M. A. (Ed.). (2016). *Sociedad del conocimiento. Aprendizaje e Innovación en la Universidad*. Madrid: Biblioteca Nueva.



Vizoso Martín, C. M., e Sánchez-Bayón, A. (2016). *Hacia una Universidad del Tercer Milenio. Reflexiones y experiencias docentes ABT (Aprendizaje basado en Tecnología)*. Alicante: Delta.



NOVIDADES LEXISLATIVAS

Ofrecemos as novidades referentes á lexislación educativa aparecidas nos últimos meses, tanto a nivel nacional como autonómico galego. Pódese realizar esta consulta de modo máis extenso e seguir as novidades lexislativas na web da Rede RIES:

http://redries.usc.es/index.php?option=com_content&view=article&id=42&Itemid=38

BOE

Orde ECD/462/2016, do 31 de marzo, pola que se regula o procedemento de incorporación do alumnado a un curso de Educación Secundaria Obrigatoria ou de Bacharelato do sistema educativo definido pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, con materias non superadas do currículo anterior á súa implantación. BOE Núm. 82 Martes, 5 de abril de 2016 Páx. 23778-23781.

<https://www.boe.es/boe/dias/2016/04/05/pdfs/BOE-A-2016-3229.pdf>

Corrección de erros da Orde ECD/711/2015, do 15 de abril, pola que se establecen os elementos e características dos documentos oficiais de avaliación da Educación Primaria, para o ámbito de xestión do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. BOE Núm. 82 Martes, 5 de abril de 2016 Páx. 23782.

<https://www.boe.es/boe/dias/2016/04/05/pdfs/BOE-A-2016-3230.pdf>

Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Convenio de colaboración coa Comunidade Autónoma de Galicia, para promover a sensibilización social contra a violencia de xénero e a inserción laboral de mulleres que sufriron violencia de xénero no ámbito

territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. BOE Núm. 84 Xoves, 7 de abril de 2016 Páx. 24683-24687.

<https://www.boe.es/boe/dias/2016/04/07/pdfs/BOE-A-2016-3365.pdf>

Resolución do 30 de marzo de 2016, da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, por la que se definen os cuestionarios de contexto e os indicadores comúns de centro para a avaliación final de Educación Primaria. BOE Núm. 91 Venres, 15 de abril de 2016 Páx. 26024-26037.

<https://www.boe.es/boe/dias/2016/04/15/pdfs/BOE-A-2016-3626.pdf>

Resolución do 30 de marzo de 2016, da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se regula a avaliación individualizada do alumnado en terceiro curso de Educación Primaria no ámbito de xestión do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. BOE Núm. 91 Venres, 15 de abril de 2016 Páx. 26038-26043.

<https://www.boe.es/boe/dias/2016/04/15/pdfs/BOE-A-2016-3627.pdf>

Orde ECD/594/2016, do 25 de abril, pola que se regula a realización da avaliación final de Educación Primaria no ámbito de xestión do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. BOE Núm. 100 Martes, 26 de abril de 2016 Páx. 28034-28042.

<https://www.boe.es/boe/dias/2016/04/26/pdfs/BOE-A-2016-3974.pdf>

Orde ECD/615/2016, do 26 de abril, pola que se modifica a Orde ECD/1767/2012, do 3 de agosto, pola que se regula a expedición do Título de Bacharel correspondente ás ensinanzas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, para o alumnado inscrito nos programas de seccións internacionais españolas e "Bachibac"

en liceos franceses. BOE Núm. 103 Venres, 29 de abril de 2016 Páx. 28571-28573.

<https://www.boe.es/boe/dias/2016/04/29/pdfs/BOE-A-2016-4092.pdf>

Real Decreto 195/2016, do 13 de maio, polo que se establecen os requisitos para a expedición do Suplemento Europeo ao Título Universitario de Doutor. BOE Núm. 134 Venres, 3 de xuño de 2016 Páx. 36611-36628.

<https://www.boe.es/boe/dias/2016/06/03/pdfs/BOE-A-2016-5339.pdf>

Resolución do 13 de xuño de 2016, da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se establecen os elementos e características dos documentos oficiais de avaliación de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato, para o ámbito de xestión do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. BOE Núm. 147 Sábado, 18 de xuño de 2016 Páx. 42004-42185.

<https://www.boe.es/boe/dias/2016/06/18/pdfs/BOE-A-2016-5941.pdf>

Orde ECD/1097/2016, do 5 de xullo, pola que se fixan os prezos públicos polos servizos académicos universitarios na Universidade Nacional de Educación a Distancia para o curso 2016-2017. BOE Núm. 163 Xoves, 7 de xullo de 2016 Páx. 47871-47883.

<https://www.boe.es/boe/dias/2016/07/07/pdfs/BOE-A-2016-6559.pdf>

Real Decreto 293/2016, do 15 de xullo, polo que se establecen os umbrais de renda e patrimonio familiar e as contías das becas e axudas ao estudo para o curso 2016-2017, e se modifica parcialmente o Real Decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das becas e axudas ao estudo personalizadas. BOE Núm. 171

NOVIDADES LEXISLATIVAS

Sábado, 16 de xullo de 2016 Páx. 50240-50253.

<https://www.boe.es/boe/dias/2016/07/16/pdfs/BOE-A-2016-6846.pdf>

DOG

Decreto 36/2016, do 23 de marzo, polo que se regula a inspección no ámbito universitario na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG Núm. 66 Xoves, 7 de abril de 2016 Páx. 12267-12291.

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160407/AnuncioG0164-310316-0003_gl.pdf

Resolución do 5 de abril de 2016, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, pola que se declara de interese galego a Fundación Educativa e Social Dignidade e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. DOG Núm. 71 Xoves, 14 de abril de 2016 Páx. 13526-13529.

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160414/AnuncioG0425-070416-0003_gl.pdf

Resolución do 18 de abril de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación individualizada de terceiro curso de educación primaria e da avaliación final de educación primaria nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia no curso escolar 2015/16. DOG Núm. 79 Martes, 26 de abril de 2016 Páx. 15351-15361.

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160426/AnuncioG0164-210416-0003_gl.pdf

Resolución do 14 de abril de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso ás

ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para os aspirantes que non estean en posesión do título de bacharel. DOG Núm. 81 Xoves, 28 de abril de 2016 Páx. 15719-15723.

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160428/AnuncioG0164-200416-0001_gl.pdf

Decreto 192/2015, do 29 de outubro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia. DOG Núm. 108 Mércores, 8 de xuño de 2016 Páx. 22902-22976.

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160608/AnuncioG0425-020616-0007_gl.pdf

Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de inclusión. DOG Núm. 108 Mércores, 8 de xuño de 2016 Páx. 22977-23035.

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160608/AnuncioG0425-020616-0006_gl.pdf

Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG Núm. 110 Venres, 10 de xuño de 2016 Páx. 23559-23583.

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160610/AnuncioG0164-030616-0004_gl.pdf

Decreto 64/2016, do 26 de maio, polo que se regula o réxime de contratación pola Axencia Galega de Innovación de persoal investigador baixo a modalidade de persoal investigador distinguido. DOG Núm. 112 Martes, 14 de xuño de 2016 Páx. 24183-24196.

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160614/AnuncioG0424-070616-0004_gl.pdf

Orde do 7 de xuño de 2016 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2016/17 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG Núm. 113 Mércores, 15 xuño de 2016 Páx. 24386-24403.

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160615/AnuncioG0164-070616-0007_gl.pdf

Corrección de erros. Orde de 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG Núm. 115 Venres, 17 de xuño de 2016 Páx. 24786-24788.

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160617/AnuncioG0164-140616-0001_gl.pdf

Decreto 73/2016, do 28 de abril, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Integración Social. DOG Núm. 120 Luns, 27 de xuño de 2016 Páx. 26749-26877.

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160627/AnuncioG0164-110516-0005_gl.pdf

Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior en réxime ordinario e para as persoas adultas. DOG Núm. 120 Luns, 27 de xuño de 2016 Páx. 26878-26916.

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160627/AnuncioG0164-210616-0003_gl.pdf

Orde do 21 de xuño de 2016 pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se

NOVIDADES LEXISLATIVAS

establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes desta consellería. DOG Núm. 128 Xoves, 7 de xullo de 2016 Páx. 28896-28909.

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160707/AnuncioG0164-280616-0001_gl.pdf

Corrección de erros. Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior en réxime ordinario e para as persoas adultas. DOG Núm. 130 Luns, 11 de xullo de 2016 Páx. 29608.

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160711/AnuncioG0164-050716-0002_gl.pdf

Lei 8/2016, do 8 de xullo, pola que se modifica a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. DOG Núm. 131 Martes, 12 de xullo 2016 Páx. 29779-29787.

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160712/AnuncioC3B0-080716-0002_gl.pdf

Decreto 80/2016, do 23 de xuño, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2016/17. DOG Núm. 131 Martes, 12 de xullo de 2016 Páx. 29827-29837.

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160712/AnuncioG0164-010716-0003_gl.pdf

COORDINADOR DA REDE RIES

Dr. Miguel A. Santos Rego

GRUPOS DE INVESTIGACIÓN**G.I. 1790 ESCOLA-CULTURA
(ESCALCA)**

Dir. Miguel Anxo Santos Rego

**G.I. 1877 GRUPO GALEGO DE
ESTUDOS PARA A FORMACIÓN E
INSERCIÓN LABORAL (GEFIL)**

Dir. Antonio Rial Sánchez

**G.I. 1468 DIAGNÓSTICO E
ORIENTACIÓN EDUCATIVA E
PROFESIONAL (DIOEP)**

Dir. Elena Fernández Rey

**G.I. 1438 TECNOLOXÍA
EDUCATIVA (TEC_EDUC)**

Dir. Beatriz Cebreiro López

**G.I. 1372 GRAMÁTICA DO
ESPAÑOL (GRAMÁTICA)**

Dir. María Teresa Díaz García

**G.I. DE3 GRUPO DE
INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN,
ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE
(GIES10)**

Dir. Margarita Pino Juste

**G.I. EN PSICOLOXÍA EDUCATIVA
(PED)**

Dir. Antonio Valle Álvarez

**Contacto:**

Facultade de Ciencias da Educación

Despacho 28 (Módulo A)

Campus Vida

15782 Santiago de Compostela (A Coruña)

<http://redries.usc.es>rederies@gmail.com

Teléfono: 881 813 890

EQUIPO DE REDACIÓN

- Carmela Cambeiro Lourido
- Jesús García Álvarez

Xa estamos traballando en...

- Revisión do Informe "Os Programas de Educación Non Formal e a Empregabilidade da Xuventude en Galicia".
- Seminario sobre Arquitectura e Espazos Escolares.
- X Seminario Nacional de Atención Educativa ao Alumnado Inmigrante. Experiencia e Innovación. A Xestión da Diversidade Cultural desde a Orientación no Sistema Educativo.